

**ACTA DA REUNION DO XURADO PARA A PRIMEIRA FASE DO CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCION DE PROYECTO, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACION EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CÁRCERE DE LUGO**

Lugo,a 22 de outubro de 2009.

**ASISTENTES:**

- O Excmo. Sr. Alcalde de Lugo don José López Orozco
- Don Jaime Castiñeira ( en representacion do Grupo do Partido Popular)
- Dona Paz Abraira ( en representacion do Bloque Nacionalista Galego)
- Don Xosé Maria Arias Fernández en representación da Excma. Deputacion Provincial de Lugo
- Dona Sonia Méndez García Teniente de Alcalde Delegada del Área de Economía y empleo
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor municipal
- Dona Ana Saez Mancebo , xefa da Asesoría Xurídica
- Don Victor José Montes Piñeiro, en representacion de Caixanova
- Don Ramon Alvarez Hernansanz en representacion de Caixa Galicia.
- Don Pastor Ferreiros Carreira pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- Don Cesar Coll Nuez, polo Colexio de Arquitectos de Galicia
- Don José González- Cebrián Tello pola Universidade de A Coruña.
- Don Angel Riva Cabanas, arquitecto municipal
- Dona Laura Campoy, arquitecta municipal
- Dona Blanca Cañal directora do proxecto URBAN

Actúa como Secretaria a tecnico de administracion xeral do Servizo municipal de Contratación dona Ana Tabarés Martínez

Sendo las 9,30 horas do día de referencia reúnese o Xurado para a valoración dos anteproxectos presentados polos gañadores na primeira fase do concurso baixo os seguintes lemas:

- IDAJF 810
- CLOUD 009

-PRESO 116  
 -LUCUS 000  
 -LUCUS 465

Trala comprobacion de que tódolos concursantes presentaron a documentacion en prazo e conforme as bases reguladoras do concurso, procedese á lectura por parte da Secretaria do Xurado dos criterios de valoración das propostas que se sinalan na base 10.6.

Sendo as 11:00 horas auséntase o Sr. Alcalde e posteriormente o delegado provincial de medioambiente que asistía en nome da Deputacion provincial de Lugo.

A continuacion tódolos membros do xurado proceden ó exame dos paneis e dossiers presentados, á deliberación e á súa valoración resultando as seguintes puntuacións:

LICITADOR	Calidad arquitectónica Ata 30 ptos	Adaptacion usos/funcionalidad ata 30 ptos	Definicion circulaciones Ata 20 ptos	Intervencionzona exterior Ata 15 ptos	Intervencion inmediato Ata 15 ptos	Incorporacion tecnologías Ata 10 ptos	Sostenibilidade Ata 10 ptos	TOTAL
IDAJF 810	16	16	10	3	3	5	5	58
CLOUD 009	25	20	17	12	12	5	5	96
PRESO 116	25	27	16	10	10	5	5	98
LUCUS 000	19	17	14	7	7	5	5	74
LUCUS 465	15	15	10	3	3	5	5	56

Os membros do xurado queren facer constar que as puntuacións indicadas son aceptadas por todos pero que non obstante unha minoría significativa quere salientar a súa preferencia pola proposta presentada por CLOUD 009 no que a calidade do proxecto se refire.

A continuacion procédese á apertura dos **sobres 2** que conteñen a proposta de honorarios e o prazo de execucion resultando que:

Tódolos licitadores propoñen uns honorarios de 250.000 euros IVE incluído que é o prezo de licitación, polo que neste apartado todos obteñen 0 puntos.



